



RESOLUCIÓN do Director Xeral de Xustiza do 06/08/2021, pola que se resolve a convocatoria de provisión temporal de postos de traballo mediante o sistema de substitución.

Con data 29/07/2021 ofertáronse para a súa provisión temporal mediante o sistema de substitución entre funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza, os postos relacionados no anexo I da dita convocatoria.

Logo da revisión das peticións recibidas nesta Dirección Xeral,

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Aprobar e facer pública no Anexo I da presente resolución a lista definitiva dos destinos adxudicados ao persoal funcionario que participou na convocatoria do 29/07/2021.

SEGUNDO.- A incorporación ao posto de traballo en substitución será na data de efectos indicada na presente resolución e no correspondente acordo de substitución.

Para a formalización desta incorporación expedirase dilixencia de constancia asinada polo/a superior funcional e pola persoa adxudicataria, dilixencia que deberá ser remitida á Dirección Xeral de Xustiza por correo electrónico (servicio.persoal.xustiza@xunta.gal) nesa mesma data.

A renuncia á substitución adxudicada pola presente Resolución, será penalizada coa imposibilidade de obter unha nova substitución durante o período dun ano.

TERCEIRO.- O gozo dos permisos ou vacacións que os adxudicatarios/as teñan autorizados no posto dende o que participou queda supeditado á súa confirmación polo/a superior funcional da unidade de destino.

CUARTO.- Os correspondentes acordos de substitución entre titulares serán enviados por correo electrónico ás persoas adxudicatarias, sendo comunicados a súa vez aos superiores funcionais dos órganos de orixe e destino para o seu coñecemento.

QUINTO.- Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición ante o director xeral de xustiza no prazo dun mes (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xudicial competente no prazo de dous meses (art.14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).





ANEXO I

| | | | |
|---|---|--------|------|
| Órgano xudicial da desocupación: | T.S.X. Secretaría de Gobierno A Coruña | | |
| Motivo da desocupación: | Vacante | Corpo: | CTPA |
| Adxudicatario/a: | Mª Elena Rodríguez Macia | | |
| Localidade de destino do/a adxudicatario/a: | A Coruña | Corpo: | CAX |
| Data de inicio da substitución: | 23/08/2021 | | |

| | | | |
|---|---|--------|-----|
| Órgano xudicial da desocupación: | Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma | | |
| Motivo da desocupación: | Licenza por enfermidade | Corpo: | CAX |
| Adxudicatario/a: | Sen peticións | | |

| | | | |
|---|--|--------|-----|
| Órgano xudicial da desocupación: | Xdo. 1ª Instancia n. 2 A Coruña | | |
| Motivo da desocupación: | Licenza por enfermidade | Corpo: | CAX |
| Adxudicatario/a: | Sen peticións | | |

| | | | |
|---|---|--------|-----|
| Órgano xudicial da desocupación: | Xdo. 1ª Instancia e Instrución n. 1 Becerreá | | |
| Motivo da desocupación: | Vacante | Corpo: | CAX |
| Adxudicatario/a: | Sen peticións | | |

| | | | |
|---|---|--------|------|
| Órgano xudicial da desocupación: | Xdo. 1ª Instancia e Instrución n. 1 Sarria | | |
| Motivo da desocupación: | Vacante | Corpo: | CTPA |
| Adxudicatario/a: | Sen peticións | | |

| | | | |
|---|-------------------------------|--------|-----|
| Órgano xudicial da desocupación: | Xdo. de Paz Monterroso | | |
| Motivo da desocupación: | Vacante | Corpo: | CAX |
| Adxudicatario/a: | Nucha Mª Faílde Sánchez | | |
| Localidade de destino do/a adxudicatario/a: | Lugo | Corpo: | CAX |
| Data de inicio da substitución: | 23/08/2021 | | |

| | | | |
|---|---|--------|------|
| Órgano xudicial da desocupación: | Xdo. 1ª Instancia e Instrución n. 1 Vilagarcía de Arousa | | |
| Motivo da desocupación: | Licenza por enfermidade | Corpo: | CTPA |
| Adxudicatario/a: | Sen peticións | | |

